EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DA UNIDADE 6

As actividades que se che propoñen abaixo tes que realizalas unha vez teñas aprendido o tema, sen mirar a contestación. Tes que mirar e entender o que se che pide antes de escribir, e ter en conta as orientacións. tamén é importante que redactes con corrección.

1. Comentario de texto: A Constitución de 1876

" (...)

Art. 11º. A relixión Católica, Apostólica, Romana, é a do Estado. A Nación obrígase a manter o culto e os seus ministros. Ninguén será molestado en territorio español polas súas opinións relixiosas, nin polo exercicio do seu respectivo culto, salvo o respecto debido á moral cristiá. Non se permitirán, con todo, outras cerimonias nin manifestacións públicas que as da relixión do Estado.(...)

Art. 13º. Todo español ten dereito: De emitir libremente as súas ideas e opinións, xa de palabra, xa por escrito, valéndose da imprenta ou doutro procedemento semellante, sen sujeción á censura previa. De reunirse pacíficamente. De asociarse para os fins da vida humana. De dirixir peticións individual ou colectivamente ao Rei, ás Cortes e ás autoridades. O dereito de petición non poderá exercerse por ningunha clase de forza armada.

Art. 18º. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 19º. As Cortes componse de dous Corpos Colegisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art. 20º. O Senado componse: 1º) De senadores por dereito propio, 2º) De senadores vitalicios nomeados pola Coroa; 3º) de senadores elixidos polas corporacións do Estado e maiores contribuíntes na forma que determina a lei. O número de senadores por dereito propio e vitalicio non poderá exceder de 180. (...)

Art. 27º. O Congreso dos Deputados comporase dos que nomeen as Xuntas electorais, na forma que determine a lei. Nomearase un Deputado ao menos por cada cento cincuenta mil almas de poboación.

Art. 28º. Os Deputados elixiranse e poderán ser elixidos indefinidamente polo método que determine a lei. (...)

Art. 50º. A potestade de facer executar as leis reside no Rei,e a súa autoridade esténdese a todo canto conduce á conservación da orde pública no interior e á seguridade do Estado no exterior, conforme á Constitución e ás leis.

Art. 51º. O Rei sanciona e promulga as leis. (...)

Art. 75º. Uns mesmos Códigos rexerán en toda a Monarquía, sen prexuízo das variacións que por particulares circunstancias determinen as leis. Neles non se establecerá máis que un só fuero para todos os españois nos xuízos civís e criminais (...) "

Madrid, 30 de xuño de 1876.

- Le o texto con atención, entendendo todos os termos

Orientacións:

1. Sitúa o texto no seu contexto histórico (regreso dos Borbóns ao trono e importancia de Cánovas),

2. Explica as características máis salientables da Constitución, comparándoa coas anteriores e indicando a finalidade dos artigos principais.

3. Fai unha valoración crítica do sistema político vixente baixo esta Constitución: bipartidismo e fraude electoral.

PROPOSTA DO PROFESOR

Trátase da Constitución vixente durante a Restauración (1874-1923). O personaxe político máis importante da Restauración foi Antonio Cánovas. A nova Constitución é de carácter flexible para abarcar as distintas tendencias do liberalismo, foi promulgada en xuño de 1876, despois da volta ao trono dos Borbóns na figura de Alfonso XII. As súas características principais son:

- Soberanía compartida (Cortes co Rei).

- Amplas atribucións do monarca (convocar, suspender ou disolver as Cortes)

- Sistema bicameral: Senado mixto e Congreso.

- Sufraxio: primeiro censatario e logo universal (non especificado na Constitución).

- Declaración de dereitos ampla, aínda que permitía que estes fosen regulados pola lexislación ordinaria. Desta forma a Constitución era elástica, apta para o desenvolvemento do programa dos conservadores e dos progresistas. Na práctica os dereitos quedaban limitados por leis restritivas. A lei de imprenta de 1879 consideraba delito todo ataque ao sistema político e social da Restauración.

- No ámbito relixioso, optouse pola tolerancia do Estado confesional con outros cultos non católicos, aínda que recoñecía os privilexios tradicionais da Igrexa católica; era unha fórmula intermedia entre a liberdade de cultos (1869) e a confesionalidade do Estado (1845).

- O Estado organizábase de forma centralista. Establecíase a unidade de códigos e a igualdade xurídica de todos os españois, quedando abolidos os fueros do País Vasco (art. 75).

Foi unha Constitución moderada, doutrinaria, inspirada na de 1845, pero modernizada, que representaba os intereses da oligarquía conservadora, baseada na alternancia de dous grandes partidos de notables. Pero o seu carácter flexible e aberto permitiría a introdución de reformas sucesivas, acabando coa continua inestabilidade constitucional do século XIX. Por iso é polo que a Constitución de 1876 foi a máis duradeira de todas, permanecendo en vigor até 1923.

Cánovas deu estabilidade política ao país pero na práctica, o sistema estivo controlado coa formación de dúas opcións políticas representativas do país. Cánovas aglutinou as diversas forzas moderadas (nobreza, terratenentes, oligarquía de negocios, altos mandos do exército, Igrexa) fundando o Partido Conservador, sostén da monarquía alfonsina. O partido da oposición dinástica foi o chamado Partido Fusionista ou Liberal de Sagasta, quen agrupou a partidarios da Constitución de 1869, que solicitaban a implantación do sufraxio universal.

O sistema, aínda que parlamentario na forma, distaba moito do británico, ao que Cánovas tomaba como modelo. Había un pacto entre ambos os partidos políticos que estableceron unha "quenda pacífica" para gobernar e deixaban fóra ao resto dos partidos políticos (republicanos, carlistas, socialistas), sen influencia política na Cámara e cuxas peticións seguiron realizándose na rúa.

Para favorecer ao partido ao que lle correspondía gobernar, manipulábanse e falseaban as eleccións. Mesmo se utilizaba a fraude electoral, ou sexa, a falsificación das actas electorais. Na práctica este sistema só podía funcionar mediante o caciquismo. Os caciques, procedentes da oligarquía terrateniente, controlaban deste xeito a vida política, económica e social do país, especialmente nas zonas rurais..

2. Define os seguintes termos históricos

- As definicións non teñen que ser moi longas pero si deben situar os termos no seu contexto histórico e indicar as súas características máis salientables.

A. Desastre do 98

B. Semana Tráxica

C. Crise de 1917

D. Unió Catalanista

E. Irmandades da Fala

Proposta do profesor

A. Desastre do 98

O desastre do 98 debe o seu nome ao forte sentimento de frustración e decadencia que se estendeu por España tras a estrepitosa derrota fronte a EE UU na guerra de 1898. A derrota supuxo a perda do Imperio colonial (Cuba e Filipinas), e provocou a aparición dunha serie de propostas teóricas para sacar a España do atraso. A esta corrente de opinión, da que participaron os intelectuais da Xeración do 98, denominóuselle Rexeneracionismo.

B. Semana Tráxica

A Semana Tráxica foi un movemento insurreccional que se desencadeou en Barcelona en xullo de 1909, como resposta á mobilización de reservistas para combater na guerra colonial de Marrocos. Durante unha semana os obreiros, maioritariamente anarquistas, fixéronse co control da cidade, destruíndo igrexas e conventos (a Igrexa víase como culpable polos privilexios e alianza co poder político). Cando o goberno se fixo co control acusou, sen probas, ao mestre anarquista Ferrer i Guardia de ser o organziador da revolta, e foi executado a pesar das protestas. Como consecuencia destes acontecementos caeu o goberno de Maura.

C. Crise de 1917

A crise de 1917 sinala o principio do fin da Restauración. Á incapacidade dos gobernos uniuse o deterioro do nivel de vida dos obreiros. Neste ano conflúen tres protestas: a dos parlamentarios dos partidos da oposición que piden elección limpas e Cortes Constituíntes (Asemblea de Parlamentarios); as protestas do corpo de artillería do exército polos baixos soldos e os ascensos dos oficiais que combatían en Marrocos (Juntas de Defensa) e a folga xeral revolucionaria convocada pola CNT e a UGT pedindo melloras laborais pero tamén cambios políticos. O medo a unha revolución fixo que a Asemblea de Parlamentarios se autodisolvese, as Juntas de Defensa conseguiron parte dos seus obxectivos pola debilidade do Goberno e as organizacións obreiras foron duramente reprimidas.

D. Unió Catalanista

A Unió Catalanista foi un partido nacionalista catalán fundado por Prat de la Riba en 1891. A súa ideoloxía era conservadora e católica. A Unió aprobou as chamadas Bases de Manresa en 1892, un programa nacionalista onde reclama o autogoberno e unha división de competencias entre o Estado español e a autonomía catalá. Non era unha organización separatista, senón que reivindicaba a especificidade económica e histórica de Cataluña (fueros). En 1901 foi substituída pola Liga Rexionalista.

E. Irmandades da Fala

As Irmandades da Fala son agrupacións que se formaron en Galicia desde 1916 cun carácter cultural. O seu obxectivo era a defensa da lingua e da cultura galegas, pero aínda que non chegaron a formar un partido político recolleron o ideario provincialista e rexionalista para formular unha proposta nacionalista que se plasmou no Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo (1918) onde se declaran nacionalistas, partidarios dunha federación ibérica.